

EXPEDIENTE	2023062676
ASUNTO	CREACIÓN DUNHA BOLSA CO PROFESORADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA PARTICIPAR COMO VOGAL NOS TRIBUNAIS DOS PROCESOS DE SELECCIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
TRÁMITE	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN

A Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, no seu artigo 59 dispón que os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

Dende hai varios anos o profesorado da Universidade de Vigo veu colaborando coa Deputación de Pontevedra para a composición dos tribunais cualificadores da Deputación, especialmente os de aquelas titulacións que mais se adecúan ao perfil das prazas e postos ofertados.

Así, coa intención de mellorar cada día na tramitación dos procedementos e de renovar a colaboración do profesorado da Universidade de Vigo con esta Institución, preténdese ampliar a relación de persoas que desexen participar no desenvolvemento dos procesos selectivos que convoca a Deputación Provincial, co fin de crear unha base de datos por titulacións académicas e especialización, que permita axilizar a constitución destes órganos.

A persoas que desexen participar deberán enviar un correo electrónico ao Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación Provincial de Pontevedra, á dirección persoal@depo.es, indicando:

- Solicitude de participación en tribunais de selección
- Nome e apelidos e DNI
- Titulación á que pertence
- Numero de teléfono e correo electrónico

O requisito que se esixe para poder participar é ser persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo da Universidade o de calquera outra Administración Pública na situación de servizo activo.

Non poderá participar o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal e o persoal eventual.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta por representación ou por conta de ninguén.

O Servizo de RRHH e Formación comunicará ás persoas participantes a proposta de selección para formar parte do tribunal cualificador a través do correo electrónico, achegando toda a información do proceso selectivo do que formará parte como vogal, data da constitución e da realización do primeiro exercicio, así como a petición de confirmación da asistencia.

Asinado dixitalmente ao marxe.

